

# Athene noctua (Scopoli, 1769)

	moucho común
	mochuelo europeo, mochuelo común
	mozolo arrunta
	mussol común, xot, miula
	little owl
	mocho-galego



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	105-260 g
<b>Lonxitude</b>	21-23 cm
<b>Envergadura</b>	51-56 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
<b>Chordata</b>	<b>Aves</b>	<b>Strigiformes</b>	<b>Strigidae</b>	<b>Athene</b>

## ALIMENTACIÓN

Artrópodos, sobre todo saltóns e escaravellos, miñocas e pequenos vertebrados.

## COMPORTEAMENTO

Son máis activos durante o solpor, presentando actividade tanto diúrna coma nocturna. Son animais solitarios e moi territoriais, sendo moi agresivos con machos descoñecidos que entre non seu territorio.

## REPRODUCCIÓN

A época de celo abrangue entre febreiro e maio. Poñen 2-8 ovos, que son incubados pola femia 22-28 días mentres o macho a alimenta. As crías poden voar aos 38-46 días, inda que cohabitan cos pais ata os 2-3 meses. Acadan a madurez ao ano.

## HÁBITAT

Estepas, semidesertos pedregosos, zonas de cultivo, parques, xardíns e dunas.

## DISTRIBUCIÓN

Europa agás por Islandia, Irlanda, Escocia, Fenoscandia e o norte de Rusia; Magreb, Exipto, Eritrea, Etiopía, Oriente Próximo, Asia Central, China e Mongolia. Introducido na illa do Sur de Nova Zelandia

## CURIOSIDADES

Normalmente aniñan en buratos, tanto de troncos de árbores como covas ou edificios. Os seus cantos son moi activos e sonoros nas noites da época de celo.

A subespecie presente no campus é *Athene noctua vidalli* Brehm, 1857, propia da península Ibérica, Europa Occidental, Central, as repúblicas bálticas e o noroeste de Rusia.